

PROGRAMA

DE

ACOLLIDA

CPI PECALAMA

Curso 2020-2021

ÍNDICE

- a) Contextualización.
- b) Novas Normas de Organización e Funcionamento do centro:
 - Uso de máscaras
 - Medidas xerais de carácter organizativo:
 - Entradas ao centro
 - Recreos
 - Comedor
 - Saídas ao mediodía
 - Saídas polas tardes
 - Organización do espazo nas aulas
 - Instrucións xerais
- c) Actuacións de prevención, hixiene e protección.
- d) Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesarias para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial.
- e) Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión.
- f) Anexos.

a) Contextualización.

Segundo as Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa en relación as medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020-2021, o centro educativo elaborará un “Programa de Acollida”.

O presente documento ten como finalidade facilitar a incorporación do alumnado e profesorado afectado pola suspensión da actividade lectiva presencial durante o curso 2019/2020.

Este Programa de Acollida elaborado polo Equipo Directivo, a pesar de non ter formación en materia sanitaria nin de organización en aspecto relacionados coa prevención de riscos laborais, e presentado por correo electrónico ao Consello Escolar, desenvolverase nas dúas primeiras semanas do curso, coa organización de actividades globalizadas que informen dos seguintes aspectos:

b) Novas normas de organización e funcionamento.

Seguindo o Plan de Adaptación do CPI Pecalama achégase a seguinte organización e instrucións para a Comunidade Educativa.

USO DE MÁSCARA

- No autobús: todo o alumnado de Primaria e Secundaria. En Educación Infantil é recomendable de 3 a 5 anos
- Nas entradas e saídas: todo o alumnado e profesorado.
- Nos recreos: todo o alumnado de Primaria e Secundaria e todo profesorado
- Nas aulas: todo o profesorado e todo o alumnado maior de 6 anos Todo persoal docente e non docente, colaboradoras de comedor, familias ou calquera outra persoa que se encontre no recinto escolar debe usar en todo momento máscara.

MEDIDAS XERAIS DE CARÁCTER ORGANIZATIVO

En Educación Infantil e na Educación Primaria, a organización do alumnado establecerase en grupos de convivencia estable, en cuxo ámbito non se aplicarán criterios de limitacións.

Na etapa de Educación Infantil, conformando grupos estables de convivencia, na aula traballárase mediante grupos colaborativos dun máximo de 5 alumnos/as (sempre os mesmos), que se constituirán como subdivisións dos grupos estables de convivencia para mellorar a trazabilidade dos contactos. Os grupos colaborativos traballarán cun distanciamento físico de 1,5 metros respecto dos restantes grupos.

Estes grupos de convivencia deberán evitar a interacción con outros grupos do centro educativo, limitando ao máximo o número de contactos, o que obriga a presentar unha organización diferente de todo o espazo escolar (aulas, recreos, comedor, entradas e saídas).

Entradas ao centro

INFANTIL E PRIMARIA:

- Os alumnos que fan uso do transporte escolar: O alumnado diríxise a espazo que teñen asignado no patio (para permanecer no seu grupo estable de convivencia) que será o mesmo que utilizarán no recreo que figura no ANEXO 1.
- Os alumnos que non fan uso do transporte escolar: deberán unirse ao seu grupo de convivencia según vaian chegando ao centro.
- No caso de que choiva utilizaremos os espazos que figuran non ANEXO 2 e 3.
- Para evitar aglomeracións non faremos filas, cando toque o timbre cada profesor irá recoller ó seu grupo e entrarán no colexio seguindo a orde e os percorridos establecidos no ANEXO 5.
- Cando entren, deberán facer uso do xel hidroalcolico e desinfectar o calzado nas alfombras que atoparán na entrada do edificio.

SECUNDARIA:

Os alumnos entrarán pola entrada principal do Edificio de Secundaria, facendo uso da máscara, desinfectando as mans no dispensador de xel que se atopa na entrada, desinfectando e secando o calzado na alfombra que está na entrada. Se o tempo o permite, esperarán fóra ata que soe o timbre de entrada. Entrarán por orde de curso (1º,2º,3º e4º) seguindo a sinalización do centro e as indicacións do profesorado de garda que está dentro. Tanto o profesorado que ten garda de autobús coma o que se atopa facendo a garda dentro, deben asegurarse que os alumnos entran cadaquén na súa clase, mantendo a distancia de seguridade e cumprindo as normas de hixiene. Se o tempo non permite agardar fóra, os

alumnos irán subindo ás aulas por orde de chegada e supervisando polo profesorado de garda.

Recreos

INFANTIL E PRIMARIA:

Dado o reducido número de nenos/as e as dimensións do patio, non necesitamos facer quendas de recreo. Presentamos un patio de recreo con 9 espazos diferenciados e separados (ANEXO 1). Cada grupo ten que permanecer no seu espazo sen ningún tipo de xogo e usando máscara en todo momento agás Infantil. Cando chove temos dúas distribucións diferentes para que todos poidan facer uso do patio cuberto (ANEXO 2 e 3).

Durante o mes de setembro e xuño os recreos de Infantil, Primaria e Secundaria coinciden en algún momento, polo que durante o mes de setembro e xuño, no patio (pista deportiva) só poderán estar os alumnos e alumnas de Primaria. **O alumnado de ESO deberá permacer na zona do patio de Secundaria.**

Comedor

O profesorado que teña clase a última hora da mañá, acompañará ata o comedor ao seu grupo de alumnos.

En Infantil, o profesorado (durante os primeiros días de clase, indicará aos alumnos en que lugar deben sentarse para manter o mesmo grupo colaborativo que na aula de referencia). O comedor habilitado para estes alumnos é a aula de xogos de Secundaria. Unha vez que estén sentados, serán as colaboradoras de comedor, as que servirán o menú do día (os 2 pratos e postre nunha única bandexa con tapa e auga en botella individual) a todo o alumnado. Todo virá preparado de cociña de tal forma que as colaboradoras non teñan que manipular a comida dos nenos e nenas.

En Primaria os alumnos estarán agrupados por cursos pero sempre mantendo a distancia de 1,5 metros. Os alumnos de 1º e 2º de Primaria farán uso da que era aula de 4º de ESO situada ao lado da biblioteca de Secundaria. O e os alumnos de 3º ata 6º de Primaria farán uso do espazo do comedor do colegio).

En Secundaria os alumnos farán uso do comedor escolar colocados por grupos e mantendo a distancia de seguridade establecida na normativa vixente. Os alumnos serán acompañados **sempre** polo profesorado que teña clase antes do comedor. Unha vez entren e se senten, serán as colaboradoras de comedor (nais de alumnos e alumnas) as encargadas de servir os menús que serán servidos en bandejas individuais igual que en Infantil.

Resumo de horarios de Entrada e Saída e do comedor e espazos habilitados:

| | SETEMBRO- XUÑO | | MAIO - OUTUBRO | | ESPAZOS |
|--------|-----------------|---------------|-----------------|---------------|----------------------|
| | Entrada comedor | Saída comedor | Entrada comedor | Saída comedor | |
| 3 anos | 14:20 | 14:50 | 13:15 | 13:35 | Aula de xogos de ESO |
| 4 anos | 14:20 | 14:50 | 13:15 | 13:37 | |
| 5 anos | 14:20 | 14:50 | 13:15 | 13:40 | |
| 1º EP | 14:25 | 14:55 | 13:15 | 13:45 | Aula de 4º de ESO |
| 2ºEP | 14:25 | 14:55 | 13:15 | 13:45 | |
| 3ºEP | 14:30 | 15:00 | 13:15 | 13:45 | Comedor |
| 4º EP | 14:30 | 15:00 | 13:15 | 13:45 | |
| 5º EP | 14:30 | 15:00 | 13:15 | 13:45 | |
| 6º EP | 14:30 | 15:00 | 13:15 | 13:45 | |
| 1º ESO | 13:45 | 14:05 | 14:00 | 14:25 | Comedor |
| 2º ESO | 13:45 | 14:05 | 14:00 | 14:25 | |
| 3º ESO | 13:50 | 14:05 | 14:05 | 14:30 | |
| 4º ESO | 13:50 | 14:05 | 14:05 | 14:30 | |

Cada espazo ten asignadas as súas colaboradoras, que serán as encargadas de acompañar aos alumnos á hora da saída do comedor. **En Infantil e Primaria** cada unha estará no espazo do patio que lle corresponde . **En Secundaria** as colaboradoras acompañarán aos alumnos dende as 14:25 ata as 14:50 en xuño e setembro (de 14:50 a 15:30 estarán supervisados polos profesores de garda).

Todas as colaboradoras disporán de máscara FFP2 e deberán desinfectar as mans antes de realizar o servizo de comedor.

Saídas ao mediodía (setembro e xuño) e todos os venres de outubro a maio.

INFANTIL E PRIMARIA:

Faranse filas por cursos.

Os familiares que recollen os nenos e nenas esperarán na beirarrúa de enfrente a que o profesorado lles entregue o alumnado. Está totalmente prohibido entrar no recinto escolar, estar ocupando a entrada do colexio ou a beirarrúa dos autobuses.

Saídas polas tardes (outubro – maio)

INFANTIL E PRIMARIA:

Cada grupo de alumnos será acompañado polo seu profesor evitando ter contacto con outros grupos.

As familias deben esperar na beirarrúa de enfrente ó colexio a que os profesores lles fagan entrega dos/as nenos/as.

INSTRUCCIÓN XERAIS

- ✓ As familias non accederán ao recinto escolar. Cando sexa necesario que se acerquen ó centro (reunión, recoller ou traer nenos/as, material, impresos...) o acceso debe ser pola entrada de arriba e dirixíndose directamente a conserxería ou secretaría.
- ✓ Está totalmente prohibido que algún familiar ande polo recinto escolar.
- ✓ No caso do alumnado de nova incorporación (4º de Educación Infantil) na reunión de inicio de curso ca titora concretarase como será o periodo de adaptación este curso.
- ✓ Titorías coas familias: se a situación que estamos a vivir o permite na Educación Infantil e Educación Primaria as reunións faranse de forma presencial e senón optaremos polas vías telemáticas. Para as reunións grupais avisan os titores por chamada telefónica ou mensaxe no Abalar Móbil e para as reunións individuais é necesario pedir cita.
- ✓ Normas para a realización de eventos: en Educación Infantil e Educación Primaria durante este curso non se realizarán actividades, celebracións ou saídas que impliquen

xuntar dúas ou máis aulas nun espazo no que non sexa posible respectar a normativa vixente, salvo que a situación epidemiolóxica mellore.

- ✓ Merendas: os/as nenos/as de Educación Infantil e de 1º, 2º, 3º e 6º Educación Primaria merendarán nas aulas de forma individual, cada un no seu espazo persoal e 4º e 5º de Educación Primaria no patio.
- ✓ Biblioteca: no caso da biblioteca só poderá ser usada por un grupo estable de convivencia a vez. O préstamo de libros realizarase de xeito habitual aínda que o devolto deberá permanecer en caixas identificativas e illadas como mínimo 4 horas antes de volver aos andéis.
- ✓ Compromiso de realización da autoenquisa clínica diaria: tanto por parte do profesorado como por parte do alumnado (realizarano as familias do alumnado no seu propio fogar antes de asistir ao colexio).

c) Actuacións de prevención, hixiene e protección.

Medidas de prevención

- ✓ Reiniciar a actividade docente garantindo, na medida do posible, a seguridade e saúde das persoas.
- ✓ Asegurar a prevención, a detección temperá e o control da COVID-19 no centro educativo, evitando o contaxio e a propagación do virus.
- ✓ Dar a coñecer as medidas de prevención e actuacións que se deben poñer en marcha fronte a COVID-19 para garantir a saúde do alumnado e o persoal do centro educativo.
- ✓ Atender e manter a alerta ante as posibles actuacións en función das directrices establecidas polas autoridades sanitarias.
- ✓ Activar unha estratexia de consulta, diálogo e coordinación dos distintos ámbitos relacionados coa dinámica de actuación do centro.

Medidas de hixiene e protección

- ✓ Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca.
- ✓ Hixiene de mans: lavado frecuente e meticuloso preferiblemente con auga e xabón e en circunstancias puntuais con solución hidroalcohólicas.

- ✓ Esixencia de hixiene de mans do alumnado, unha vez sentados na aula e baixo a supervisión dos/as respectivos/as titores/as.
- ✓ Xerar dinámicas para que o alumnado realice hixiene de mans con frecuencia, especialmente nos primeiros días de clase (xogos de mimetismo, acompañamento do lavado, momentos previos ás actividades, entrada de comedor, cada vez que van ao baño, nos cambios de actividades...).
- ✓ Xerar sistemas de educación sanitaria para a implantación de medidas de hixiene respiratoria.
 - Ao tusir ou esbirrar, tapar a boca e o nariz cun pano de papel que se desbotará na papeleira con tapa, ou ben facelo contra a flexura do cóbado.
 - Manter a distancia física recomendada.
- ✓ Gardar a distancia de seguridade de 1,5 metros, sen prexuízo da previsión de 1 metro para as aulas.
- ✓ Extremarase a orde no posto de traballo e nas mesas da aula.
- ✓ O alumnado non compartirá material de uso propio.
- ✓ Os equipos de traballo (ordenador, teclado, rato, mesa...empregados por varios alumnos ao longo da xornada, desinfectaranse antes de ser empregados por outro alumno.
- ✓ As ventás, portas, persianas, dispositivos de iluminación, os proxectores, e restantes ferramentas pedagóxicas serán únicamente usadas polo profesorado, coas medidas de seguridade e hixiene que procedan.

d) Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o ensino presencial ou, de selo caso, non presencial.

- ✓ O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado preferentemente a través da aula virtual de cada grupo, e a partires de 3º de Educación Primaria.
- ✓ Durante os primeiros días de clase, en setembro, os titores facilitarán ao alumnado indicado no punto anterior, a inscrición na aula virtual correspondente.

- ✓ No mes de setembro, os tutores identificarán ao alumnado que, por mor da falta de recursos ou de conexión no seu fogar, puidera perder o acceso á educación telemática no caso de ensino a distancia, e o notificarán ao equipo directivo que realizará una listaxe deste alumnado e as súas necesidades no caso dun eventual paso ao ensino a distancia.
- ✓ O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles ben achegados polo propio profesor o ben os que poña a disposición a Consellería. Igualmente o profesorado poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen co contido da materia ou a avaliación continua da mesma.

Durante o período de suspensión da actividade presencial o centro educativo ten previstas as seguintes medidas:

- ✓ Manter o contacto permanente co alumnado e as súas familias, tanto para coñecer a evolución do estado de saúde como para continuar co ensino a distancia (vía telefónica, Abalar Móbil ou Vía Cisco Webex). Empregaranse somentes medios corporativos e da Consellería para cumprir a Lei de protección de datos vixente.
- ✓ Como recursos alternativos a empregar na aula dixital están os elaborados por profesorado do centro e aloxados na nosa propia web segundo áreas educativas e niveis educativos, os contidos Abalar na web da Consellería, os contidos dixitais do Ministerio de Educación e aqueles outros existentes na rede e considerados axeitados para o nivel educativo no que se vaia a empregar.
- ✓ Na Educación Infantil e no 1º e 2º curso de Educación Primaria, arbitrase un modo alternativo para a comunicación coas familias e o mantemento da actividade lectiva, dito modo alternativo quedará recollido na programación didáctica.
- ✓ Uso da aula virtual co alumnado de 3º de Educación Primaria en adiante para garantir a continuidade no proceso de ensino-aprendizaxe.
- ✓ En canto á Atención á Diversidade empregaranse ás mesmas aplicacións adaptando os contidos a través das docentes de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe. Potenciaranse os contactos periódicos co alumnado, a través de videoconferencias, de cara a acadar, no posible, a desvinculación cos seus docentes.

e) Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades de acollida e cohesión.

Atención aos aspectos emocionais

- ✓ Realización de actividades grupais de acollida, socialización e interacción.
- ✓ Integrar a todo o alumnado na dinámica do grupo clase.
- ✓ Explicar o coronavirus aos nenos de forma clara pero sen alarmar.
- ✓ Falar co alumnado sobre o coronavirus.
 - Pregúntalles que saben do coronavirus.
 - Empregar una linguaxe adecuada a súas idades.
- ✓ Normalizar as súas emocións:
 - Explicarlles que estar triste, ter medo ou sentir calquera outra emoción é normal e que as persoas adultas tamén as sentimos.
 - Explicarlles o que está a pasar, coas verbas adecuadas a súa idade e sen engadir medos.
 - escoitar as súas preocupacións e contestar ás suas preguntas.
 - Procurar que non estén moito tempo recibindo información sobre o tema.
 - Recórdarlles que é algo temporal.
- ✓ Ser un referente:
 - Cumprir as medidas do estado de alerta e seguir as medidas de hixiene e protección indicadas.
- ✓ Iniciar e favorecer o traballo cooperativo e en grupo respectando os diferentes puntos de vista e asumindo as responsabilidades que correspondan.
- ✓ Aceptar as normas e regras establecidas nas actividades e xogos.
- ✓ Reunión grupal das familias coas titorías a través da plataforma webex para consensuar liñas de actuación.
- ✓ Facilitar o contacto con familiares, amigos e compañeiros de clase.
- ✓ Establecer rutinas no centro e na casa adaptadas a súa idade
- ✓ Diferenciar as rutinas diarias das do fin de semana e planificar actividades para que xoguen e se relaxen.

Actividades


As actividades son susceptibles de aplicarse tanto en Educación Infantil como en Educación Primaria ou Secundaria. Os docentes escollerán as actividades a realizar, os materiais a empregar e as metodoloxías concretas para adaptalos a cada curso.

As expostas de seguido servirán como exemplo referencial do que poderíamos levar a cabo. Cada docente poderá escoller entre as expostas ou ben elixir outras que considere máis axeitadas e/ou adaptadas para o seu alumnado de referencia.

- ✓ Recursos para explicar ao alumnado o coronavirus.
 - Contos.
 - Vídeos.
 - Debuxos para colorear e ilustracións.
 - Xornal
- ✓ Fomentar con xogos o lavado de mans.
- ✓ Realización de xogos para fomentar a integración.
- ✓ Crear un diccionario de emocións.
 - Consiste en coller varias fotografías con persoas, nenos ou personaxes expresando unha emoción. Deben identificar a emoción e clasificar as imaxes.
- ✓ Ler contos de emocións.
- ✓ Debuxamos emocións.
 - Poñemos un espello diante do neno e axudámoslle a representar as expresións de cada emoción, logo pódeas debuxar nun papel e escribir cando se sentiu así. O alumnado de infantil faríao verbalmente.
- ✓ Música, pintura e emocións
 - A música esperta recordos e experiencias. Nesta actividade uniremos música, expresión artística e a educación emocional. Poremos aos nenos pezas musicais diferentes e deixaremos que pinten libremente as emocións que lles provoca

ANEXO 1


DISTRIBUCIÓN RECREO, ENTRADA BUSES E COMEDOR (os días que non chove)





INFORMACIÓN:

- 4 grupos no patio cuberto.
- 4 grupos nas aulas.
- 1 grupo na biblioteca.



INFORMACIÓN:

- 5 grupos no patio cuberto.
- 3 grupos nas aulas.
- 1 grupo na biblioteca.

ANEXO 4

DISTRIBUCIÓN RECREO COMEDOR (días de choiva)




INFORMACIÓN:

- 5 grupos no patio cuberto.
- 1 grupo na biblioteca.
- 3 grupos no polideportivo separados mantendo os grupos estables de convivencia.
- Os grupos do polideportivo e biblioteca rotan.

ANEXO 5

PERCORRIDOS ENTRADA (mañá, recreo e comedor)



- 1º lugar: 5º e 6º —
- 2º lugar: 3º e 4º —
- 3º lugar: 1º e 2º —
- 4º lugar: infantil —

O profesor irá sempre diante do grupo.

Entre unha aula e outra é necesario deixar un mínimo de dous metros.

Exemplo: empeza entrando 5º e 6º (titoras diante), a continuación sigue 3º e 4º deixando mínimo dous metros entre o último neno de 5º e 6º e as titoras de 3º e 4º

En Tordoia, a 7 de setembro de 2020

O equipo directivo:

A Directora: Gloria Casas Ponte

A Secretaria: Ilda Lortes Gómez

A Xefa de Estudos de E.I e Primaria: Isabel Carballeiro Becerra

A Xefa de Estudos de Secundaria: Nieves Regueira Berdomás

